

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**Viaxe a Transilvania**

–Señoras e señores, acabamos de entrar en Transilvania. Tempestade e mais eu botamos unha ollada pola fiestra, mirámonos e pensamos o mesmo. Non se notaba nada que acabaramos de entrar en Transilvania. A estrada era exactamente igual de monótona e aburrida ca dez quilómetros antes. Os campos eran de cor verde e estaban salpicados de xirasoles amarelos que facían bonita a paisaxe. Lonxe de ser unha terra tenebrosa e escura, alí lucía o sol.

–E os vampiros? –preguntei en voz alta, coa mosca detrás da orela.

O guía, que non me oíu, pero que debía ter telepatía, dixo:

–E moitos de vostedes, que se apuntaron a esta viaxe misteriosa e inquietante arredor do personaxe de Drácula, deben preguntarse onde están os vampiros... verdade?

–dixo mentres repasaba coa ollada os viaxeiros, mirándoos en fite–. Os vampiros son seres lendarios comúns a moitas culturas, que converteu en populares o escritor Bram Stoker. Pero, en realidade, non son orixinarios de Transilvania.

Pois que estafa, pensei eu. Fannos crer que imos á terra dos vampiros e resulta que os vampiros, vai ti saber, quizais veñen de Ourense.

–Alguén leu a novela *Drácula*, do escritor irlandés Bram Stoker?

–Eu, eu! –berrou o irmán de Tempestade desde a segunda fila.

–Mentireiro –dixo baixiño Tempestade, ensinándome o libro que tiña nas mans, que resultou ser *Drácula*–. Só leu o resumo na Galipedia.



MAITE CARRANZA, *Vítor e os vampiros* (adaptación)

2 Marca a oración que mellor resume o sentido xeral do texto.

- Vítor e Tempestade viven en Transilvania.
- Vítor e Tempestade están en Transilvania e un guía fálalles dos vampiros.
- Vítor e Tempestade están en Transilvania e ven vampiros.

3 Indica se os protagonistas viaxan nun medio de transporte público ou privado. Copia algúns fragmentos do texto que che axudaron a sabelo.

4 Escribe V (verdadero) ou F (falso) diante de cada afirmación.

- Bram Stoker naceu en Irlanda e escribiu o libro *Drácula*.
- O inglés Bram Stoker é o director da película *Drácula*.
- Os vampiros son orixinarios de Ourense.
- Os vampiros son seres reais orixinarios de Transilvania.
- Os vampiros son criaturas lendarias comúns a moitas culturas.
- Os protagonistas fan unha viaxe por Transilvania.



5 Relaciona cada expresión co seu significado.

Estar coa mosca detrás da orella	Mirar fixamente, con atención.
Ter telepatía	Ser unha criatura imaxinaria, de lenda.
Botar unha ollada	Desconfiar de algo.
Mirar en fite	Ser capaz de imaxinar o que alguén pensa.
Ser un ser lendario	Mirar rapidamente algo.

6 Na terceira liña, Vitor afirma que Tempestade e mais el pensaron o mesmo. Explica que cres que pensaron.

7 Responde. En que consiste o traballo dun guía turístico?

8 Identifica os elementos da comunicación nesta escena.



- Emisor ► _____
- Receptor ► _____
- Mensaxe ► _____
- Código ► _____
- Canle ► _____



9 Marca as situacións en que se establece unha comunicación non verbal.

- Vítor e Tempestade míranse pensando onde estarán os vampiros.
- O guía pregunta quen leu o libro.
- O irmán de Tempestade di que el leu *Drácula*.
- Tempestade móstralle o libro a Vítor, para demostrar que non o ten o seu irmán.
- O protagonista mira con cara malhumorada ao guía cando se decata de que non hai vampiros.

10 Copia palabras da lectura que conteñan os seguintes sons.

Son K representado con **c** _____

Son K representado con **qu** _____

Son G representado con **g** _____

Son G representado con **gu** _____

11 Escribe en orde alfabética estas palabras da lectura.

vampiros viaxeiros estafa resumo escritor fiestra

- | | | |
|----------|----------|----------|
| 1. _____ | 3. _____ | 5. _____ |
| 2. _____ | 4. _____ | 6. _____ |

12 Escribe. Con que forma terías que buscar estas palabras no dicionario?

- | | |
|--------------------|--------------------|
| • señores ▶ _____ | • pensando ▶ _____ |
| • vampiros ▶ _____ | • baixiño ▶ _____ |
| • veñen ▶ _____ | • lido ▶ _____ |

13 Subliña as palabras que se poden atopar nun dicionario de lingua e escribe a carón delas a súa definición. No caso das demais, explica por que non aparecen no dicionario.

- Transilvania ▶ _____
- telepatía ▶ _____
- Stoker ▶ _____
- inquietante ▶ _____
- popular ▶ _____
- Drácula ▶ _____

14 Explica que é e para que serve a Galipedia. Cres que é útil?

15 Escribe un resumo do texto *Viaxe a Transilvania*.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Carreira dos Tres Cumes

Unha cuadrilla de afeccionados ás carreiras e á montaña organizaron a Carreira dos Tres Cumes, que se celebrou con grande éxito a fin de semana pasada. Entrevistamos a un dos organizadores responsables da competición.

Xoán, como naceu a idea da carreira?

Hai tempo que tiñamos ganas disto. Trazamos un percorrido de vinte e seis quilómetros por sendeiros ben bonitos que enlazan tres cumes. Despois, probámolo e... gustounos!

Que dificultades atopastes?

Esforzámonos moito, porque non somos profesionais. Coordinamos máis de cen voluntarios e pedimos axuda a empresas e institucións. O apoio que recibimos fixo posible a realización da carreira.

Que valoración facedes do acontecemento?

Pois valorámolo de forma moi positiva! Participaron máis de cincocentos corredores, que acabaron realmente contentos. Iso, unido ao apoio de tanta xente que colaborou na organización, fixo que os nervios e o traballo compensasen.

Como ves o futuro da carreira?

O vindeiro ano volveremos aquí e esperamos máis participantes. E, como soñar é gratis, oxalá veña xente de todo o mundo a correr!



2 Marca. Que tipo de texto liches?

- Unha reportaxe. Unha entrevista. Unha lenda. Unha conferencia.

3 Completa os enunciados. Expressa as cantidades con palabras.

- A persoa entrevistada é un _____ da carreira e chámase _____.
- A competición que organizaron denomínase Carreira _____.
- A carreira foi organizada por un grupo de afeccionados áss _____ e á _____.
- A carreira celebrouse _____.
- Participaron na carreira máis de _____ corredores.
- Colaboraron na carreira máis de _____ voluntarios.
- Os corredores debían percorrer _____ quilómetros.

4 Explica que é un diploma e para que serve.

5 Di que é un dorsal e que utilidade ten.



6 Observa o diploma da páxina anterior e indica que representa cada elemento da táboa.

_____	_____	_____
_____	_____	_____
Sabela Castro	289	04:08:15

7 Escribe. En que parte do diploma aparecen representadas as institucións colaboradoras?

8 Relaciona. De que se fala en cada fragmento?

Trazamos un percorrido de vinte e seis quilómetros por sendeiros ben bonitos que enlazan tres cumes. Despois probámolo... e gustounos!

Futuro da carreira

Coordinamos máis de cen voluntarios e pedimos axuda a empresas e institucións.

Aspectos da organización da carreira

O vindeiro ano volveremos aquí e esperamos máis participantes. E, como soñar é gratis, oxalá veña xente de todo o mundo a correr!

Orixe da carreira

9 Marca o significado desta expresión da lectura.

• Soñar é gratis.

- Soñar non serve para nada, non ten utilidade ningunha.
- Soñar non custa nada, non hai que pagar por facelo.



10 Contesta. Por que consideran os organizadores que o traballo que fixeron compensou?

11 Di que linguaxe (oral ou escrita) e que lingua se utilizan na entrevista.

Linguaxe _____

Lingua _____

12 Indica que tipo de linguaxe se usa en cada medio de comunicación: oral ou escrita.









13 Escribe en cada caso tres palabras da lectura que conteñan o son e a grafía indicados.

Son R forte con r	Son R forte con rr	Son R suave
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

14 Relaciona as palabras que son sinónimas.

sendeiro	valoración	dificultade	institución
entidade	atranco	carreiro	avaliación

15 Copia as oracións substituíndo as palabras destacadas por outras equivalentes que aparezan na lectura.

- Recibimos **axuda** de moita xente.

- Os participantes acabaron **moi satisfeitos**.

16 Explica por que é importante facer deporte.

17 Pensa a que persoa che gustaría entrevistar. Despois, escribe a entrada da entrevista que lle farías, é dicir, o parágrafo en que presentas a esa persoa.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Miguel Anxo: un verdadeiro xenio!

Michelangelo Buonarroti naceu en 1475 en Italia. Foi escultor, pintor, arquitecto, poeta e enxeñeiro. Un artista teimudo, apaixonado e solitario: un xenio!

De aprendiz a mestre

Aos trece anos Miguel Anxo ingresou como aprendiz no obradoiro do famoso pintor Ghirlandaio. Axiña demostrou que tiña unha habilidade extraordinaria para o debuxo e que superaba en talento ao seu mestre. Outro aprendiz do obradoiro, o envexoso Pietro Torrigiano, rompeulle o nariz dunha puñada e deixoulle o rostro desfigurado. Acomplexado, desde aquela Miguel Anxo representou nas súas obras a beleza ideal.



A Capela Sixtina

No ano 1508, o papa Xulio II fixolle un encargo moi complicado a Miguel Anxo: decorar o teito da Capela Sixtina, no Vaticano. O traballo non era un xogo de nenos: nunca se pintara unha bóveda tan grande con figuras en movemento.

Resultou ser un traballo moi ben pagado: Miguel Anxo recibiu o equivalente a medio millón de euros! Pero tivo que se enfrontar a varios inconvenientes mentres pintaba, como a grande altura do teito ou a longa duración do traballo (catro anos!). Unha vez solucionados os problemas, Miguel Anxo puido concluír con éxito a súa obra mestra. En total, pintou na bóveda trescentas corenta figuras!

Pero non tivo dabondo con pintar a bóveda: vinte e cinco anos despois, volveu alí para pintar un mural enorme no altar, que representaba o Xuízo Final. Non é de estrañar que o conxunto da capela resulte impresionante!

Cavall Fort, n.º 1221 (adaptación)

2 Arrodea. Cal pode ser Miguel Anxo?



3 Copia cada oración cambiando as palabras que necesitas para convertela en verdadeira.

- Miguel Anxo era teimudo, apaixonado e sociable.

- Miguel Anxo ingresou como aprendiz no obradoiro dun pintor famoso cando tiña quince anos.

- O envexoso Pietro Torrigiano rompeulle un dente a Miguel Anxo.

- Por pintar a bóveda da Capela Sixtina, Miguel Anxo pagou o equivalente a medio millón de euros!

4 Explica. Que relación tiñan con Miguel Anxo os personaxes seguintes?



Ghirlandaio _____



Pietro Torrigiano _____



Xulio II _____

5 Localiza no apartado «De aprendiz a mestre» dúas palabras con estes significados.

_____ : Que ten alterada a súa forma orixinal.

_____ : Que se avergoña do seu aspecto físico.

6 Arrodea o debuxo que representa o significado da palabra destacada.

Nunca se pintara unha **bóveda** tan grande.



7 Subliña o antónimo de cada unha destas palabras do texto.

teimudo

envexoso

éxito

complicado

dócil / testán

xeneroso / cobizoso

fracaso / triunfo

sinxelo / complexo

8 Risca en cada caso o substantivo intruso.

femininos singulares

pintura rostro obra faena

masculinos plurais

aprendices teitos millón euros

femininos plurais

figuras obras pinturas problemas

masculinos singulares

debuxo nariz man obradoiro

9 Arrodea un substantivo colectivo en cada oración.

- Ghirlandaio tiña no seu obradoiro un equipo de mozos aprendices.
- Onte unha orquestra alemá deu un concerto na Capela Sixtina.
- Os turistas seguían o guía coma un rabaño de ovellas.



10 Clasifica os seguintes substantivos.

rostro
beleza
pintor
teito
talento
envexa

Substantivos concretos	Substantivos abstractos
_____	_____
_____	_____
_____	_____

11 Completa este texto cos signos que faltan. Fíxate en cantos tes que poñer de cada tipo.

puntos: 2 signos de interrogación: 4 signos de admiración: 4

UNHA VIAXE INESQUECIBLE A ITALIA

Gustaríache pasear polo centro histórico de Roma Imaxinas
como serán as noites máxicas de Venecia Queres gozar
das paisaxes da Toscana Que doado che vai ser
A asociación Mocidade pola Arte organiza unha viaxe a Italia do 5 ao 15 de maio
A viaxe será en avión e o aloxamento, en albergues e casas rurais Aínda que pareza
increíble, o prezo inclúe o almorzo e a cea Va que é unha proposta moi interesante
Apúntate xa Non podes perder unha ocasión coma
esta



12 Completa esta ficha procurando os datos no texto ou na internet.

Obra: Bóveda e altar da Capela Sixtina

Autor: _____

Lugar onde se atopa: _____

Ano de inicio e ano de finalización. Bóveda: _____ **Altar:** _____

Temas sobre os que tratan as pinturas: _____

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

A orixe galega do fútbolín

O famoso xogo baseado no fútbol ten unha certa orixe galega. A idea xurdiu de Alexandre Campos Ramírez (1919-2007), rebautizado por el mesmo como Alexandre de Fisterra que, ademais de inventor, foi poeta, empresario, autor de obras de ballet...

Parece ser que xa existían precedentes do fútbolín en Europa, pero eran diferentes nas dimensións e nos xogadores. De feito os bonecos, inicialmente unha especie de triángulos, tiñan unha soa perna; mentres que os que ideou Alexandre son de dúas pernas separadas.

Con 17 anos, durante a Guerra Civil, Alexandre resultou gravemente ferido nun bombardeo e acabou ingresado nun hospital en Cataluña onde había moitos rapaces.

Vendo os nenos eivados contemplar tristes como outros corrían tras unha pelota, xurdiulle a idea.

Pediulle a un amigo carpinteiro que lle fabricase un fútbolín seguindo as súas instrucións; era de madeira de buxo e con pelotas de cortiza. Seica se inspirou no tenis de mesa.

Rematada a guerra, por mor da ditadura, Alexandre tivo que marchar exiliado a América do Sur onde seguiu desenvolvendo o invento. Introduciu algúns cambios, como as barras de aceiro, e o xogo estendeuse polo continente americano. Para a súa sorpresa, cando regresou a España descubriu que o xogo era moi popular. Fabricantes valencianos comercializaran un modelo a partir da súa idea.

Desde aqueles primeiros modelos de madeira avanzouse moito. Hoxe en día fanse de materiais moi resistentes e algúns incluso teñen marcador dixital. Existen clubs, ligas, torneos e unha federación internacional. Xógase en todo o planeta e fanse campionatos mundiais.

O fútbolín tamén se coñece, nalgunhas zonas de Galicia, co nome de *matraquiños* ou *ferriños*. No portugués de Portugal, como *matraquinhos* ou *matrecos*; no do Brasil, *totó*, *pebolim*...; en Arxentina, *metegol*; en México *futbolito*; no Reino Unido, *table football*; en Francia, *baby-foot*...

Fontes: *Revista Luzes* (1994) e *Fefm* (*Federación española de fútbolín*)



2 Subliña as afirmacións que corresponden ao texto que liches.

- Explícanse feitos reais.
- Explícanse feitos inventados.
- Os feitos ocorren hai séculos.
- Os feitos ocorren no século XX.
- Trátase dunha novela.
- Trátase dun texto informativo.

3 Responde estas preguntas sobre a historia do fútbol.

- En que se diferencia o fútbol de Alexandre de Fistera doutros de orixe europea?

- De que materiais estaba feito ese primeiro fútbol de Alexandre de Fistera?

- Cando e por que se lle lle ocorreu a idea de inventar o seu fútbol?

4 Lembras como se di fútbol nestas linguas? Anótalo e despois compróbo no texto.

- en Portugal ► _____
- no Reino Unido ► _____
- en Arxentina ► _____
- no Brasil ► _____

5 Escribe unha definición de fútbol: que é? que forma e elementos ten?

6 Completa estas definicións coas palabras do recadro.

competición organismo clubs asociación deporte probas

- Unha **federación** é un _____ que agrupa os _____ practicantes dun mesmo deporte.
- Unha **liga** é unha _____ en que diversos equipos xogan entre eles segundo _____ eliminatorias.
- Un **club** é unha _____ de persoas que fan un _____, unha actividade lúdica, cultural, etc.

7 Marca e despois responde. En cal destes xogos se inspirou Alexandre para o invento do futbolín?





• Que semellanzas atopas entre o futbolín e o tenis de mesa?

8 Marca o significado que ten a palabra destacada en cada oración.

• Buscaba datos na internet sobre o futbolín, pero non lle funcionaba o **rato**!

Animal roedor.

Parte do ordenador.

• No museo do xoguete teñen unha **xoia** de futbolín.

Persoa ou cousa moi valiosa.

Adorno de ouro ou de prata.

• O noso equipo gañou na **copa** andaluza de futbolín.

Premio do torneo.

Recipiente para beber.



9 Arrodea de verde o pronome persoal tónico e de vermello o pronome átono. Despois indica de que persoa son.

Ti golpeaches con forza a bóla e metíchela na portaría.



• _____ ► _____

• _____ ► _____

10 Ordena as palabras e escribe a oración. Fíxate onde tes que colocar o pronome persoal.

• regalaron / futbolín / polo / aniversario / os / tíos / me / un /

• entregou / o / paquete / aínda / o / mensaxeiro / non / lle /

11 Completa cada oración co pronome persoal que corresponda.

ti	nós	eu	eles
----	-----	----	------

- Xoán, Ana, Rosa e mais _____ xogamos moito ao fútbolín.
- _____ queremos montar un club de fútbolín. Chamarase Os Súper Matraquiños.
- Xosé e Belén tamén se van asociar ao noso club. _____ aínda non saben xogar ben pero aprenderán axiña, seguro.
- _____ xogaches algunha vez ao fútbolín cos teus amigos e amigas?

12 Escolle a contracción de pronome persoal axeitada en cada oración e escríbea.

- Aínda non sei a data do campionato. Cando dirán?

- Buscas o manual de instrucións? Pois deixei no caixón do moble.

- Levou a bicicleta a arranxar. Devólven mañá.

- Tróuxovos uns agasallos da viaxe. Aínda non deu?

- Tocouche unha viaxe no concurso? E xa dixeches a Noa?

13 Opina sobre o invento de Alexandre de Fisterra. Pareceche un invento importante? Por que?

14 Responde razoadamente. Que vantaxes ten o fútbolín fronte ao fútbol?

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Teño un can!

Pola tarde esperaban a visita da tía Berta e do tío Xosé, que ían á casa de Tobi a tomar café. Pero antes, pola mañá, fixeron o típico almorzo de domingo, que era case un xantar: ovos revoltos, queixos, torradas, croissants, macedonia, requeixo, iogures... Só semellaba descontento Chocolovski. As papas de sémola con pasas que a nai de Tobi lle preparara, nin miraba para elas. E as rebandas con *foie gras* tampouco lle dicían nada. Uliunas e viroulle as costas.

–Eu daríalle torta –suxeriu Tobi–, seguro que a come.

Suspirando, a nai púxolle diante un anaco de torta de amendoa.

–Pero só porque é domingo! –díxolle–. Mañá pola mañá vou mercar comida para cans.

Sen deixarse impresionar polas ameazas, Chocolovski enguliu o anaco de torta. Tobi mordeu a lingua: sabía que ao can lle gustaban tanto os doces e as lambetadas que dubidaba de que a nai conseguise algo cos seus métodos educativos...

Ao mediodía, o pai dixo:

–Tobi, deberías chamar á tía Berta e ao tío Xosé. Se non, aínda van levar un bo susto cando vexan a Chocolovski!

Á tía Berta e ao tío Xosé non lles gustaban nada os cans, nin tampouco os nenos. «Os nenos e os cans só traen sucidade» era unha das frases preferidas da tía Berta.

De xeito que Tobi telefonou ao tío Xosé. Colleu o teléfono a tía Berta. Logo dunha breve explicación sobre a festa de aniversario que fixera cos seus amigos, Tobi foi ao conto:

–Por certo, agora teño un can.

–Éche unha broma?

–Non, é certo! Teño un can!

–Vaia! Pero será un can pequerrecho, non?

–Pequeno? Pois non! É grandísimo!

–Ah, si?

–Xa che digo! É un sambernardo!


A. SOMMER-BODENBURG.
Que can máis comellón! (adaptación)



2 Marca a oración que resume o que se explica no texto.

- A familia almorza xunta o domingo pola mañá.
- Hai pouco que Tobi ten un can, enorme e consentido, e avisa á tía Berta e ao tío Jofre para que non se asusten cando o vexan.
- A nai de Tobi quere educar o can e, por este motivo, prepáralle papas.

3 Arrodea a Chokolovski e indica que tipo de can é.



4 Escribe V (verdadero) ou F (falso). Ao acabar, transforma as oracións falsas en verdadeiras.

- É domingo e a familia está reunida para almorzar.
- O almorzo do domingo é moi abundante.
- Tobi e a súa familia teñen o can desde hai anos.
- Chokolovski non quere as papas que lle prepararon.
- A tía Berta e o tío Xosé irán xantar á casa de Tobi.
- Á tía e ao tío encántanlles os cans.

- _____
- _____
- _____

5 Explica unha acción da lectura que se produce nese momentos do día.

- Mañá _____
- Mediodía _____

6 Imaxina e escribe. Como reaccionarán o tío e a tía cando coñezan a Chokolovski?



7 Relaciona cada expresión co seu significado.

Virar as costas.

Centrarse no máis importante dun asunto.

Ir ao conto

Reprimirse de falar ou de rir diante dos demais.

Morder a lingua

Dar a volta, desprezar algo.

8 Copia cada palabra a carón da súa definición.

requeixo papas sémola rebanda torta

- Porción delgada de pan que se adoita untar con manteiga. ▶ _____
- Produto semellante ao queixo fresco pero menos callado. ▶ _____
- Doce grande, redondo e plano, que se serve en porcións. ▶ _____
- Pasta para sopa feita con trigo triturado en grans moi miúdos. ▶ _____
- Alimento infantil feito con fariña de cereais e leite. ▶ _____

9 Marca o significado que lle corresponde á palabra destacada en cada oración.

- O domingo almorzaban torradas e **queixo**.
 - Parte da cara entre a boca e o pescozo.
 - Alimento que se obtén do leite callado.
- A Chokolovski gústalle demasiado o **doce**.
 - Once máis un.
 - Confeito, pastel.
- Chokolovski nin miraba para as papas de sémola con **pasas**.
 - Uvas secadas ao sol artificialmente.
 - Entregas algo a alguén.
- O can viroulle as **costas** a comida.
 - Zona da terra próxima ao mar.
 - Parte posterior do corpo.

10 Indica de que clase é o determinante destacado.

- artigo
- demonstrativo
- posesivo
- numeral
- indefinido

- Deulle **as** rebandas con *foie-gras*. ▶ _____
- Deulle **dúas** rebandas con *foie-gras*. ▶ _____
- Deulle **aquela** rebanda con *foie-gras*. ▶ _____
- Deulle **algunha** rebanda con *foie-gras*. ▶ _____
- Deulle **a súa** rebanda con *foie-gras*. ▶ _____

11 Completa cos artigos e contraccións que faltan para que teña sentido cada oración.

- _____ tía Berta e _____ tío Xosé irían _____ tarde _____ casa de Tobi para tomar café.
- _____ can de Tobi enguliu _____ anaco _____ torta que lle deu _____ súa nai.
- Tobi faloulle _____ tía _____ festa que fixera _____ seus amigos.

12 Subliña os erros que se cometeron coas formas das contraccións se escribe ben a oración.

- Tobi falou ca tía porlo teléfono. ▶ _____
- A nai púxolle as papas nuna cunca. ▶ _____
- O can era amigo deoutras comidas. ▶ _____
- Púxose a ladrar enaquele momento. ▶ _____

13 Responde e explica. Gustaríache ter un can na casa? Por que?


14 Fai un resumo da lectura.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, unha entoación e un ritmo axeitados.

O CEO DESVELA OS SEUS MISTERIOS

No século II, o xeógrafo e astrónomo **Ptolomeo** publicou un tratado de astronomía moi completo, *Almagest*, no que afirmaba que a Terra era o centro do universo, que se mantiña sempre inmóbil e que o Sol xiraba arredor dela. Era a **teoría xeocéntrica**, adoptada e defendida polos científicos e os teólogos. Así foi ata que algúns astrónomos do século XVI estableceron que as cousas eran radicalmente diferentes e deron unha nova visión da ciencia.



A TERRA MÓVESE

Nicolás Copérnico, un astrónomo polaco, cría que era a Terra a que xiraba arredor do Sol e que este estaba quedo. Daquela, Copérnico defendía unha **teoría heliocéntrica**. Mais o polaco sabía que as súas ideas chocarían coa mentalidade da época e non se atreveu a publicar a obra onde recollía o seu pensamento, *De Revolutionibus Orbium Coelestium*. Foi un discípulo seu, o austríaco Georg Joachim von Lauchen, chamado **Rheticus**, quen fixo publicar o libro a finais de 1543. A obra converteuse axiña nun tratado moi influente.


GALILEO

A comezos do século XVII, o científico italiano Galileo Galilei, coñecido como **Galileo**, estudou o universo cun telescopio fabricado por el mesmo. Os seus estudos levárono a afirmar que o modelo de Ptolomeo non se correspondía coa realidade. Galileo publica as súas ideas na obra *Mensaxeiro das estrelas*, onde demostraba a teoría heliocéntrica de Copérnico.

Pero a Igrexa pensaba que iso era contrario á fe católica e acusou a Galileo de herexía. O sabio tivo que abxurar das súas ideas, pero contan que no momento de facelo dixo, en referencia á Terra, «pero mover, móvese».



Atlas básico de exploracións e descubertas (adaptación)



2 Marca a afirmación que se corresponde co contido do texto.

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Informa sobre os últimos descubrimentos científicos. | <input type="checkbox"/> Recolle biografías. |
| <input type="checkbox"/> Explica algunhas teorías sobre a estrutura do universo. | <input type="checkbox"/> É unha historia inventada. |

3 Copia o nome de cada científico no lugar que corresponda.

Rheticus

Copérnico

Ptolomeo

Galileo

- Afirmou que a Terra estaba inmóbil no universo.
- Dixo no século XVI que a Terra se movía arredor do Sol.
- Fixo publicar a obra de Nicolás Copérnico en 1543.
- Foi acusado pola Igrexa debido ás súas ideas.

▶ _____

▶ _____

▶ _____

▶ _____



4 Deduce a partir do texto e relaciona cada científico co seu lugar de nacemento.

Rheticus

Copérnico

Ptolomeo

Galileo

Pisa
(Italia)

Alexandría
(Exipto)

Toruń
(Polonia)

Feldkirch
(Austria)

5 Explica, coas túas palabras, en que consisten as dúas teorías de que se fala no texto. Fíxate no significado das seguintes raíces.



helio-: do grego *hēlios*, 'sol'.

xeo-: do grego *gē*, 'terra'.



• Teoría xeocéntrica: _____

• Teoría heliocéntrica: _____

6 Relaciona cada palabra coa súa definición.

- | | |
|-------------|---|
| astrónomo • | • Libro que desenvolve un tema de estudo de maneira ordenada. |
| abxurar • | • Persoa que estuda o universo e as estrelas. |
| teólogo • | • Renunciar a unha idea, unha crenza ou unha opinión. |
| herexe • | • Persoa especialista na ciencia que trata de Deus. |
| tratado • | • Persoa que defende ideas contrarias ás da Igrexa católica. |

7 Completa a táboa cos datos propostos.

século II *Mensaxeiro das estrelas* *De Revolutionibus Orbium Coelestium*

século XVII *Almagest* século XVI

	PTOLOMEO	COPÉRNICO	GALILEO
SÉCULO			
OBRA			

8 Marca a oración de cada parella que contén unha palabra en sentido figurado.

- Meu pai vai **acender** unha fogueira para quecemos.
- As ideas de Galileo **acenderon** os ánimos dos teólogos.
- O director chegou acompañado dos seus **satélites**.
- Galileo descubriu catro **satélites** de Xúpiter.
- Copérnico e Galileo afirmaron que o **Sol** está inmóbil.
- Grazas por explicarme quen era Galileo, es un **sol!**



9 Consulta, se precisas, o dicionario e escribe oracións coa palabra *máquina*.

En sentido literal

En sentido figurado

10 Arrodea os demostrativos e subliña os posesivos.



A nosa visión da ciencia débelle moito a ese home chamado Galileo. Coa súa obra naceu a ciencia moderna, que se basea na observación intelixente da natureza. Aqueles experimentos que realizou foron moi rigorosos. Grazas a eles puido formular as súas teorías baseadas na observación de feitos reais.

11 Entre os demostrativos e posesivos que subliñaches na actividade anterior localiza.

- Un demostrativo que indica afastamento ► _____
- Un posesivo que indica varios posuidores ► _____

12 Separa as sílabas das palabras seguintes e arrodea a tónica. Fíxate no exemplo.

- | | |
|---|--------------------|
| • xeógrafo ► <u>xe</u> - (ó) - gra - fo _____ | • Terra ► _____ |
| • inmóbil ► _____ | • estrelas ► _____ |
| • visión ► _____ | • italiano ► _____ |
| • século ► _____ | • algúns ► _____ |
| • sabio ► _____ | • estudou ► _____ |
| • científico ► _____ | • universo ► _____ |

13 Clasifica as palabras do exercicio anterior.

TEN DÚAS SÍLABAS	TEN TRES SÍLABAS	TEN CATRO SÍLABAS

14 Das palabras anteriores que teñan acento gráfico busca exemplos de cada.

- O acento gráfico está na última sílaba. ► _____
- O acento gráfico está na antepenúltima sílaba. ► _____

15 Resume nunha oración as partes seguintes do texto.

Introdución: _____

A Terra móvese: _____

Galileo: _____

Nome _____ Data _____

1 Llig el text amb una pronunciación, una entonación i un ritmo adequats.

Lúa é un touro

Ás veces, cando estamos na cociña vendo a tele ou algo, Lúa chama á porta. Rabuña, rabuña e miaña ata que lle abres. Entra fungada e sobe á cadeira que está preto da ventá. Só a deixan subir a esa. Ela é tan lista, tan lista, que xa o sabe. Se sobe a outra e sente que veñen papá ou mamá, baixa tan axiña coma os foguetes.

Cando está alí tranquila no seu asento, se miramos para ela, aínda que non lle digamos nada, colle e pecha os ollos. Meu irmán Xocas di que é para que vexamos que nos quere e confía en nós. Sábeo porque o leu nun libro de ciencias.

Ás veces, Xocas senta e ergue de présa o brazo. Lúa ponse de pé e séguelo coma se estivese no circo da Xunqueira, que é un circo que vén por aquí polo verán. Outras veces sáltalle á man, e pega derrapaxes coma Xocas coa bici. Parece que se vai matar, pero nada.

Como lle gusta tanto xogar, ponse aniñada esperando a que lle fagamos algo. Move o rabo a toda velocidade, e dálle á cabeza para diante e para atrás igual que fai a avoa na súa randeira. De súpeto, ¡chas!, pega un salto áxil cara á cousa que lle movemos e ponse outra vez en posición de saída. Iso a avoa non o fai, porque é vella.

Un día a miña amiga Branca ensinoulle a facer de touro. Colleu unha chaqueta vermella e moveuna diante de Lúa. Ela saltaba á chaqueta moitas veces.

–Ole, ole– gritabamos nós ata que nos cansabamos.


A min gústanme as corridas de Lúa porque son moi divertidas. As dos touros non, porque non quero que os piquen nin que os maten. Xocas gravou unha corrida con Lúa coa cámara de vídeo. Mamá berrounos porque toureamos cun xersei novo e esfiañámolo todo. Logo, cando mirou a gravación, ría que se mataba. Ás veces non entendo á mamá, porque rifa e despois ri pola mesma cousa.

FINA CASALDERREY. *O misterio dos fillos de Lúa* (adaptación)



2 Subliña a oración que se corresponde co que conta o texto.

- Un neno ten unha gata á que non lle gusta nada xogar.
- Un neno ten unha gata, pero súa nai non a deixa entrar na casa.
- Un neno ten unha gata á que lle gusta moito correr e xogar.



3 O rapaz que conta esta historia chámase David. Busca na lectura os nomes propios que saen e explica quen son.

- _____ ▶ _____
- _____ ▶ _____
- _____ ▶ _____



4 Responde as preguntas seguintes e explica.

- Onde senta Lúa cando entra na cociña? Por que? _____

- Que fai cando está tranquila no seu asento? Por que? _____

- Que fai Lúa cando lle moven algunha cousa desde o alto? Por que fai iso?

- A quen se parece Lúa cando dá coa cabeza para adiante e para atrás? Por que?

5 Subliña no texto o fragmento que conta en que consiste tourear a Lúa e expícao.

6 Escribe cada verbo diante do significado que ten no texto.

- _____ ▶ Facer rascadelas coas uñas.
- _____ ▶ Emitir o seu son característico o gato.
- _____ ▶ Dicirle que o que fixo está mal.
- _____ ▶ Cravar un obxecto acabado en punta.
- _____ ▶ Sacar os fíos dun tecido.

miañar
esfiañar
rabuñar
picar
rifar

7 Marca. Que quere dicir en cada caso?

- Lúa *entra fungada* na cociña.

Entra correndo moi rápido

Entra con cara de enfadada.

- A gata *ponse aniñada* esperando que lle fagan algo.

Déitase no chan

Agáchase dobrando os xeonllos.

- A gata *pega derrapaxes* coma Xocas coa bici.

Esvara polo chan.

Sabe frear moi ben.

8 Explica onde viu a nai como toureaban a Lúa, como reaccionou e por que.

9 Risca a palabra que non pertence a cada campo léxico.

A COCIÑA

neveira cama pelar sofrito forno espremedor

A GRANXA

vaca granxeiro corte muxir galiña balea

10 Escribe o nome do campo léxico a que pertence cada grupo de palabras.

- _____ ► Entrada, flocos de millo, película, acomodador, divertido, butaca.
- _____ ► Cama, armario, durmir, estudar, acolledor, escritorio, póster.
- _____ ► Pai, nai, irmáns, axudar, avós, protexer, casa, cariño, convivir.

11 Subliña os indefinidos e arrodea os numerais que atopas nestas oracións.

- Lúa comeu moito e púxose enferma. Xa é a segunda vez que lle pasa.
- O outro día, David xogou dúas horas seguidas con Lúa, que acabou esgotada de correr.
- Calquera trapo valería para tourear a Lúa mellor ca ese xersei que custou vinte euros.
- Ao segundo ano de chegar á casa, a gatiña pariu uns cantos gatiños.

12 Explica por que se acentúan estas palabras do texto.

- ventá ▶ _____
- atrás ▶ _____
- irmán ▶ _____
- séguelo ▶ _____
- áxil ▶ _____
- cámara ▶ _____

13 Explica agora por que non se acentúan estouttras palabras do texto.

- asento ▶ _____
- veñen ▶ _____
- cansabamos ▶ _____
- gravou ▶ _____
- matar ▶ _____

14 Le e responde. Opinas o mesmo ca o rapaz da lectura?

A min gústanme as corridas de Lúa porque son moi divertidas. As dos touros non, porque non quero que os piquen nin que os maten.

15 Inventa unha continuación a partir da imaxe. Onde estaba? Que facía? Como o descubriron os seus donos? Que pasou ao final?

O outro día Lúa non aparecía por ningures.

Nome _____ Data _____

1 Llig el text amb una pronunciación, una entonación i un ritmo adequats.

Reciclar papel

Cando utilizamos papel reciclado contribuímos á conservación do medio. Sabes por que? Para comezar, se usamos unha tonelada de papel reciclado evitamos a destrución de 17 árbores, que son as que necesitaríamos para facer unha tonelada de papel novo. Ademais, a reciclaxe de papel necesita un 65% menos de auga que a fabricación de papel novo, e tamén provoca un 75% menos de contaminación do aire e un 35% menos de contaminación da auga. E ti, queres aprender a reciclar papel?

PRECISAMOS



tina




papeis vellos



batedor



auga



peneira

COMO SE FAI?



1. Rompe o papel en anacos miúdos.



2. Nunha tina con auga, pon en remollo os anacos de papel durante 2 días.



3. Mestúrao todo e esmiúzao co batedor.



4. Deita a pasta resultante sobre a peneira e esténdea ben para obter unha capa fina.



5. Deixa secar a pasta. Despois, extrae a lámina de papel con coidado. Xa tes unha folla de papel reciclado!

O meu pequeno manual de experimentos ecolóxicos (adaptación)

2 Marca o tipo de texto que acabas de ler.

- Un conto. Unha noticia. Unhas instrucións. Unha reportaxe.

3 Escribe o nome. De que obxecto se trata?

- Electrodoméstico que tritura e bate alimentos. ▶ _____
- Recipiente redondo, de metal ou de plástico, usado para lavar pratos, roupa, etc. ▶ _____
- Coador con buratos moi pequenos. ▶ _____



4 Risca en cada grupo o termo que non significa o mesmo ca os outros.

poñer usar colocar
depositar pousar

provocar levar ocasionar
causar orixinar

5 Escribe cada verbo debaixo do debuxo que corresponda.

poñer en remollo triturar romper extraer estender



6 Risca o paso que non aparece no texto e ordena os outros.

- Mestúrao todo e tritúrao co batedor.
- Rompe o papel en anacos miúdos.
- Engádelle á pasta o colorante que queiras.
- Deixa secar a pasta. Despois, extrae a lámina de papel.
- Nunha tina, pon en remollo os anacos de papel durante 2 días.
- Pon a pasta obtida sobre a peneira e esténdea ben para obter unha capa fina.



7 Relaciona. Que aforro supón reciclar papel segundo o texto?

Reciclar o papel supón...

- 65% menos de •
- 75% menos de •
- 35% menos de •
- contaminación do aire
- gasto de auga
- contaminación da auga



8 Calcula e contesta escribindo as cifras en letras.

- Se para o papel novo usamos 100 litros de auga, cantos litros usaremos para o papel reciclado?

- Unha tonelada son 1.000 kg. Cantas árbores salvaremos facendo 4.000 kg de papel reciclado?

- Se conseguimos salvar 51 árbores, cantas toneladas de papel reciclado fabricamos?

9 Escribe a palabra que corresponde a cada definición e, ao acabar, contesta.

- Lámina moi delgada que usamos para escribir, debuxar, envolver regalos... ► P ____ _ _ L
- Tenda onde venden papel, cadernos, lapis... ► ____ _ _ E ____ _ _ Í A
- Recipiente para tirar papeis inútiles. ► P ____ _ _ _ _ _ _ RA
- Cubrir de papel pintado unha ou máis paredes. ► E ____ P ____ _ _ _ _ _ R
- Pequena folla de papel que se desposita nas urnas para votar. ► P ____ P ____ _ _ _ T A

Cal é a palabra a partir da que se formaron as outras? _____

Como se chaman as agrupacións de palabras como esta? _____

10 Escribe tres palabras de cada familia.

zapato

doce

libro

11 Arrodea os adxectivos e subliña os substantivos a que fan referencia.

Xaime estaba no campo e contemplaba a verde paisaxe diante del. Colleu o caderno e comezou a debuxar. De súpeto preguntouse cantas fermosas e fortes árbores como aquelas cortarían para fabricar un dos cadernos brancos onde debuxaba a miúdo... A próxima vez mercaría un de papel reciclado. Así coidaría o ambiente!



12 Completa a táboa cos adxectivos do texto anterior que cumpran as características indicadas.

	FEMININO	MASCULINO	INVARIABLE
SINGULAR			
PLURAL			

13 Escribe en que grao está o adxectivo de cada oración: comparativo, superlativo ou positivo.

- Este é o mellor lapis para debuxar. ▶ _____
- Preciso unha cartolina máis grosa ca esta. ▶ _____
- O papel reciclado é facilísimo de facer. ▶ _____
- Xoel deume uns papeis engurrados. ▶ _____



14 Explica por que se acentúan ou non estas palabras do texto.

- miúdos ▶ _____
- ambiente ▶ _____
- ademais ▶ _____

15 Responde. Cres que é conveniente reciclar papel? Por que?
